

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DE 18 DE OUTUBRO

1. **ASISTENCIA AO PLENO.** Referencia: **2023/00044715F.**

Ratificación da urxencia. |

Ratifícase a urxencia

2. **ASESORÍA XURÍDICA.** Referencia: **2022/00035921A.**

Proposta de aprobación pola Xunta de Goberno Local da prórroga do Convenio de Asistencia Xurídica entre o Concello de Santiago de Compostela (Asesoría Xurídica) e a entidade mercantil Mercados Centrales de Abastecimiento de Santiago Mercagalicía MP, S.A. (MERCAGALICIA) |

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aprobar a primeira prórroga anual do convenio de asistencia xurídica entre o Concello de Santiago de Compostela (Asesoría Xurídica) e a entidade mercantil Mercados Centrales de Abastecimiento de Santiago M.P. S.A. (MERCAGALICIA), que se materializará polo acordo expreso de ambas partes.

SEGUNDO.- Notificar o acordo adoptado á sociedade MERCAGALICIA coa finalidade de proceder á súa sinatura.

3. **SERVIZOS SOCIAIS.** Referencia: **2023/00027426Z.**

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 03 de Agosto de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e Fundación Secretariado Gitano para o ano 2023, e o recoñecemento da obriga, pola contía de vinte tres mil euros (23.000,00 €) |

Acórdase aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 03 de Agosto de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a FUNDACIÓN

SECRETARIADO GITANO para o ano 2023, e o recoñecemento da obriga, pola contía de VINTE TRES MIL EUROS (23.000,00 €) sendo a subvención concedida de VINTE TRES MIL euros (23.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800021 segundo Acordo do Pleno Municipal do Concello de Santiago de data 09/03/2023 aprobando a relación de subvencións nominativas para o ano 2023.

4. **DEPORTES.** Referencia: **2023/00014519X.**

Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e a Federación Española de Luchas Olímpicas y D.A. (CIF- Q2878024E) para o ano 2023. |

Acórdase aprobar a xustificación presentada polo FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE LUCHAS OLÍMPICAS Y D.A. do convenio de colaboración asinado co Concello de Santiago, ano 2023, por valor de 36.000 €, que xa foron abonados con carácter anticipado, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890021.